

IGADIPaper é un medio de análise e información do IGADI que aspira a afondar de forma equilibrada e sintética nalgún conflito, acontecemento ou tendencia internacional de relevancia e actualidade".

PERSPECTIVAS TRALO VI CONGRESO DO PARTIDO COMUNISTA DE CUBA

- a) **Introdución**
- b) **Apertura económica sen relevo político**
- c) **Qué modelo tralo congreso**

a) Introducción

A recente celebración do VI Congreso do Partido Comunista de Cuba (PCC), realizado entre o 16 e 19 abril de 2011, marcará o futuro do acontecer político e económico da illa caribeña. Tras o último congreso do PCC celebrado en 1997, onde se institucionalizou a sucesión política a favor do actual presidente **Raúl Castro**, (certificada oficialmente despois da renuncia do seu irmán **Fidel** en xullo de 2006 e coa posterior elección presidencial de Raúl en febreiro de 2008 por parte da Asemblea Nacional do Poder Popular), o contexto actual sinala varias expectativas sobre a posibilidade de reformas políticas e económicas en Cuba aínda que, polo momento, sen notorio relevo político e xeracional.

Este Congreso do PCC certificou a necesidade de aplicar unha serie de reformas e aperturas no eido económico recollidas anteriormente no “Proxecto de Liñas da Política Económica e Social”, aprobado en setembro de 2010, e que autoriza o emprego “por conta propia”. Ao mesmo tempo, estas reformas están enmarcadas no recorte de 500.000 empregos estatais (un

20% da forza laboral cubana) iniciado en marzo pasado e que paulatinamente vense prorrogando por tempo indefinido. Cunha notable presenza de tecnócratas, o goberno de Raúl Castro acordou igualmente axilizar a recadación tributaria, a fin de dotar ao Estado de maior liquidez financeira.

Non obstante, á vista da composición do actual Comité Central do PCC, este congreso desestimou como prioridade as expectativas xeradas en torno á posibilidade dun cambio xeracional que propicie eventuais reformas políticas. Dentro do “momento crucial” para “garantir a supervivencia do sistema socialista” definido polo presidente Raúl Castro durante este congreso, a perspectiva básica céntrase en asegurar a viabilidade institucional e política ante a desaparición física dos principais líderes históricos da revolución cubana. Pero, a medio e longo prazo, a dinámica e preponderancia das reformas económicas moi probablemente premerá por unha necesaria apertura política, con novas caras nos cadros dirixentes do PCC e da estrutura estatal.

b) Apertura económica sen relevo político

O indiscutible peso político do presidente Raúl Castro (79 anos) confirmouse no recentemente celebrado VI Congreso do PCC, onde o actual mandatario cubano impulsou o seu proxecto de reformas económicas coa finalidade de modernizar o aparentemente anquilosado modelo socialista da illa caribeña.

Deste modo, este VI Congreso do PCC, que reuniu a 1.000 delegados a nivel nacional, acreditou o discurso recollido no “Proxecto de Liñas da Política Económica e Social” establecido polo actual goberno cubano en setembro de 2010. No mesmo se establece a posibilidade de dar curso a actividades económicas “por conta propia”, concedéndose 170.000 permisos para empregos privados que poderán ser ampliados proximamente a outras 250.000 licenzas. Este proxecto foi sometido a un intenso debate popular a nivel nacional, no que participaron, segundo fontes oficiais, máis de 7 millóns de cubanos a través de demandas, propostas e suxestións que, segundo as mesmas fontes,

permitiron a reforma de dous terzos dos 291 parágrafos inicialmente contidos neste programa.

Este proceso ven precedido polo recorte burocrático estatal, a través da supresión de 500.000 empregos públicos, dos que o goberno cubano espera absorber unhas 200.000 persoas a través de cooperativas que se crearán con empresas operadas polo Estado. Igualmente, o goberno cubano concedeu unha serie de empréstitos bancarios para os novos “pequenos empresarios”, incluso outorgando a posibilidade de que os mesmos poidan vender os seus produtos ao Estado.

Por tanto, o VI Congreso do PCC apostou pola necesidade de dar curso a unha inédita reforma de mercado dentro do modelo socialista cubano instaurado desde 1959, incluso retrotraendo o breve lapso de apertura económica tralo “período especial de crise” de comezos da década de 1990, unha vez desaparecera a ex URSS. No marco deste congreso, Raúl definiu o actual momento como o de “actualización”, de

“rectificación de erros” e de “cambios estruturais de concepto” dentro do modelo económico socialista, concibindo a “batalla económica” como “centro de traballo ideolóxico” para os 700.000 afiliados ao PCC e á Unión de Mozos Comunistas (UMC), dos que dependerá a “sostibilidade e preservación” do socialismo cubano.

Pero esta preponderancia na paulatina apertura económica desprazou considerablemente calquera iniciativa de renovación dentro dos máximos órganos de dirección, incluíndo os 15 altos cargos do Buró Político do Comité Central do PCC, especialmente a través do relevo xeracional da “vella garda” revolucionaria. Deste modo, Raúl substituíu ao seu irmán Fidel Castro (84 anos) como primeiro secretario do PCC, mentres o actual primeiro vicepresidente do goberno, **José Ramón Machado Ventura** (80 anos) relevou a Raúl no posto de segundo secretario do PCC.

Este congreso afianzou o poder da “vella garda revolucionaria” e do aparato militar do Estado, confirmando nos seus altos cargos a **Ramiro Valdés Menéndez** (78 anos), Comandante da Revolución e vicepresidente dos Consellos de Estado e de Ministros; **Alberto Colomé Ibarra** (71 anos), Xeneral de Corpo do Exército, ministro do Interior e vicepresidente do Consello de Estado; e **Julio Casas Regueiro** (75 anos), Xeneral de Corpo do Exército, vicepresidente do Consello de Estado e ministro das Forzas Armadas Revolucionarias (FAR). Igualmente, resalta a continuidade de **Ricardo Alarcón de Quesada** (73 anos), actual presidente da Asemblea Nacional do Poder Popular.

c) Qué modelo tralo congreso

Dende unha perspectiva política, e a pesar do seu carácter histórico, poucos cambios se esperaban deste VI Congreso do PCC no eido da renovación da estrutura política cubana, aínda que a preponderancia da apertura económica privada constitúe un factor inédito que alterará sensiblemente a estrutura socioeconómica cubana.

Oficializadas as reformas económicas a través do principal organismo dirixente do país, compre ponderar qué escenarios se presentan a medio prazo en Cuba. En primeiro lugar, os alcances e efectos a nivel social

Os únicos cargos nos que se manifestaron certo nivel de renovación política e xeracional foron os casos de **Miguel Díaz-Canel Bermúdez** (50 anos), actual ministro de Educación Superior; e **Marino Murillo Jorge** (51 anos), actual vicepresidente do Consello de Ministros e Xefe da Comisión Permanente para a Implementación e o Desenvolvemento. Non obstante, no discurso de clausura deste congreso, o presidente Raúl Castro asegurou que posiblemente novas caras formarán parte do Comité Central do PCC a partir do 2012, cando o partido gobernante volva a realizar unha importante reunión a nivel nacional.

Diversos analistas especularon con que o principal perdedor, á vista da composición do actual Comité Central do PCC, foi **Abel Prieto** (62 anos), actual ministro de Cultura e un dos máis prominentes representantes da denominada “batalla polas ideas” instaurada desde 1999. Considerado un político moi popular entre a mocidade cubana, especialmente tendo en conta o seu estilo crítico, informal e xuvenil, moitos esperaban que Prieto escalara posicións dentro do PCC.

Non obstante, compre considerar algunhas medidas adoptadas neste congreso, como o de limitar a dous períodos consecutivos a titularidade dos cargos de maior relevancia así como establecer a posibilidade de realizar os congresos do PCC cada cinco anos, polo que o próximo estaría inicialmente previsto para 2016. Entre outras das 300 medidas adoptadas neste congreso, imponse tamén a proposta de legalizar a venda de propiedades privadas, un aspecto que reduciría sensiblemente o enorme peso do sector estatal no ámbito inmobiliario.

da aplicación de iniciativas privadas na estrutura económica cubana. Segundo un informe de abril de 2011 do ministerio de Traballo cubano, actualmente existen un total de 301.033 traballadores inscritos “por conta propia” para as 178 actividades autorizadas para exercer de forma autónoma que, en gran medida, constitúen oficios propios de pequena empresa, como vendedores ambulantes, perruqueiros, etc.

Nun panorama de recesión económica, a limitada apertura privada permitiría un maior nivel lucrativo para

as familias cubanas, así como unha importante recadación tributaria para o Estado cubano. Non obstante, diversos cubanos cun elevado perfil universitario e profesional observan complicacións para inserirse neste novo mercado de traballo: entre 1996 e 2008 graduáronse en Cuba un total de 350.398 universitarios, cuxas perspectivas para integrarse neste novo mercado se reducen ante os recortes burocráticos.

Estas medidas deberán pulsar o seu impacto ante outros decretos e regulamentos económicos que eventualmente poden adoptarse a medio e longo prazo, tales como a adopción do dólar como moeda corrente, eliminando o actual sistema de dualidade cambiaria que propicia un prolífico “mercado negro”; a eliminación gradual de subsidios estatais como a cartilla de racionamento; ou a posibilidade de privatización no rural cubano, permitindo maiores investimentos estranxeiros en materia tecnolóxica, que se ampliarían ante o beneplácito do goberno cubano para recibir investimentos foráneos nos sectores turístico, petroliero e das industrias exportadoras estratéxicas, como a biotecnoloxía e o níquel. Neste apartado, o presidente Raúl Castro deberá cotexar en qué medida pode adaptarse en Cuba a súa aparentemente pretendida preferencia polos modelos chinés e vietnamita, que propician unha apertura económica privada cun Estado como principal actor económico.

A viabilidade destas reformas dentro do modelo socialista intensificarán, igualmente, a necesidade da Habana de ampliar os seus eidos de inserción no contexto rexional e internacional que, paulatinamente, diminúan o illamento hemisférico propiciado dende Washington. Deste modo, países como China, Brasil e Venezuela, este último a través do eixe da Alianza Bolivariana para os Pobos da Nosa América (ALBA), cumpren un factor esencial para ampliar estas marxes de apertura exterior para Cuba.

Non obstante, o aspecto principal segue a estar centrado na evolución das relacións entre Cuba

e EEUU, principalmente ante o actual escenario político en Washington cun Congreso dominado polo Partido Republicano e de cara á posibilidade de reelección en 2012 do actual presidente demócrata **Barack Obama**. Pouco antes da celebración do VI Congreso do PCC, o ex presidente estadounidense **Jimmy Carter** visitou Cuba, nun momento de tensión entre La Habana e Washington polo xuízo contra o contratista estadounidense **Alan Gross**, detido en Cuba en 2009 tras ser acusado polas autoridades cubanas de presuntos “delictos contra a seguridade do Estado” a través da distribución ilegal de equipos de comunicación satelital baixo o paraguas da Axencia Estadounidense para o Desenvolvemento Internacional (USAID).

Os tímidos esforzos de achegamento entre Cuba e EEUU baixo os gobernos de Raúl Castro e Obama influirán igualmente na mediación da Igrexa católica cubana ante a liberación de disidentes políticos na illa, a implicación da Unión Europea na transición cubana e a posible intensificación de demandas de apertura política, impulsadas a través da ampliación dun intenso debate popular fortalecido pola apertura económica adoptada desde finais de 2010.

Segundo o artigo 5º da Constitución cubana de 1976, o PCC constitúe “*a forza dirixente superior da Sociedade e do Estado, que organiza e orienta os esforzos comúns cara os altos fins da construción do socialismo e o avance cara a sociedade comunista*”. Compre observar se, dentro da perspectiva de “actualización” e “rectificación de erros” do modelo socialista estipulada polo presidente Raúl Castro, o recen celebrado VI Congreso do PCC permitirá abrir unha nova etapa para a illa caribeña. En todo caso, o reforzamento político da “vella garda revolucionaria” dentro das máis elevadas instancias do PCC aparca momentaneamente a perspectiva do “postcastrismo” e do relevo xeracional en Cuba, afirmando certa sensación de parálise contida e expectación.

IGADI, 27 de abril de 2011.